Como contar un conto e outras historias

Mark Twain

Tradución de Rafael Salgueiro

ATG
asociación de tradutores galegos

COMO CONTAR UN CONTO

O Conto Gracioso: unha Creación Norteamericana – Diferenzas co Conto Cómico e o Enxeñoso.

Eu non afirmo que saiba contar un conto como hai que contalo. Só digo que sei como hai que contar un conto, porque durante moitos anos estiven case a diario na compañía dos contadores de contos máis expertos.

Hai varias clases de contos, pero só hai un difícil: o gracioso. Vou falar sobre todo deste. O conto gracioso é norteamericano, o cómico, inglés, e o enxeñoso, francés. Para que cause efecto, o gracioso baséase na forma de contalo; o cómico e o enxeñoso baséanse na trama.

O conto gracioso pode desenvolverse tanto como se queira, e pode vagar sen rumbo, sen chegar a ningures en concreto. Pero tanto o conto cómico coma o enxeñoso deben ser breves e rematar con sentido. O gracioso burbulla devagar, os outros estouran.

En rigor o conto gracioso é unha obra de arte –unha arte sublime e delicada– e só un artista pode contalo. Pero non se precisa arte ningunha para narrar o conto cómico ou o enxeñoso. Calquera pode facelo. A arte de contar un conto gracioso –enténdanme, refírome ao que se conta de boca en boca, non ao impreso– creouse en Norteamérica, e desde aquela non se moveu do sitio.

O conto gracioso cóntase con seriedade. O narrador fai todo o posible por ocultar o feito de que nin sequera sospeita que vai facer algo de graza. Pola contra, o narrador dos contos cómicos diche de antemán que é unha das cousas máis divertidas que oíu, así que o conta entusiasmado e é a primeira persoa que ri cando remata. Hai veces que, se ten éxito, queda tan compracido e contento que repite o retrouso mirando as caras do público, buscando o aplauso. Logo cóntao outra vez. Resulta do máis patético.

Naturalmente, o conto gracioso, desordenado e inconexo, remata moi a miúdo cun retrouso, graza, chispa, ou como se lle queira chamar. Daquela o oínte ten que estar alerta, porque en moitos casos o narrador distraerá a atención dese retrouso deixándoo caer de xeito finxidamente casual, coma se non soubese que é un retrouso.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Artemus Ward usaba ese truco adoito, e daquela, cando os descolocados asistentes collían o conto, poñía unha cara entre inocente e sorprendida, como preguntándose que tiña aquilo de gracioso. Dan Setchell utilizouno antes ca el. Nye, Riley e outros utilízano na actualidade.

Pola contra, quen conta contos cómicos non esconde o retrouso, senón que o vocifera unha e outra vez. E cando o imprime, en Inglaterra, Francia, Alemaña e Italia, destácao, ponlle signos de exclamación rechamantes e ás veces explícao entre parénteses. Todo isto é deprimente e a un dálle gana de renunciar ao humor e dedicarse a unha vida mellor.

Permítanme contarlles un exemplo do método cómico usando unha anécdota que foi popular polo mundo adiante nos últimos doce ou quince séculos.

O narrador cóntao como segue:

O SOLDADO FERIDO

No curso de certa batalla, un soldado que perdera unha perna reclamou a atención doutro soldado que viñera correndo para levalo á retagarda, e informouno á vez da perda que sufrira. O xeneroso fillo de Marte inmediatamente cargou con aquel malpocado ás costas e procedeu a satisfacer o seu desexo. Os disparos e as balas de canón voaban en todas as direccións, e de socato unha das últimas levoulle a cabeza ao ferido sen que o rescatador se decatase. En pouco tempo foi requirido por un oficial que dixo:

–Onde vas con ese cadáver?

–Á retagarda, señor. Perdeu a perna!

–Como que a perna? –respondeu atónito o oficial–. Quererás dicir a cabeza, paifoco.

Daquela o soldado desprendeuse da súa carga e quedou mirándoa con gran perplexidade. Por fin dixo:

–Ten vostede razón, señor –e despois dunha pausa engadiu: pero El DÍXOME QUE ERA A PERNA ! ! ! !

Aquí o narrador rompe a rir. Estouran, unha tras outra, centos de risadas de cabalo, repetindo o retrouso de cando en vez entre arquexos, berros e afogos.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Contar isto na súa forma cómica só leva un minuto e medio, e, a verdade, non paga a pena contalo. Pasalo á forma graciosa leva dez minutos, e tal como o conta James Whitcomb, é unha das cousas máis divertidas que oín na vida.

El cóntao facendo de granxeiro vello e torpe que o acaba de oír por primeira vez. Pensa que é indescritiblemente gracioso e trata de contarllo a un veciño. Pero non o lembra ben, confúndese e dálle voltas sen rumbo, engadindo detalles aburridos que non veñen a conto e que só o retardan, quitándoos conscientemente e engadindo outros igual de inútiles, cometendo erros sen importancia aquí e acolá e deténdose para corrixilos e explicar por que os cometera, lembrando cousas que esquecera poñer no sitio correcto e volvendo para colocalas ben, parando a narración un bo anaco para intentar lembrar o nome do soldado que feriran e lembrando ao final que o nome do soldado non se mencionaba, para despois comentar placidamente que o nome non tiña importancia –de calquera xeito, claro está, se un o soubese, pero a fin de contas non é esencial etcétera, etcétera, etcétera–.

O narrador é inocente, está feliz e satisfeito consigo mesmo. Ten que deterse a cada pouco para conterse e non rir a cachón, e conter contense, pero o seu corpo treme coma a xelatina, con gargalladas internas. E cando pasaron os dez minutos o público riu ata quedar rendido, coas bágoas a caerlle polas meixelas.

A simplicidade, a inocencia, a sinceridade e a inconsciencia do vello granxeiro simúlanse á perfección, e o resultado é unha representación absolutamente deliciosa e encantadora. Isto é arte, delicadeza e beleza, e só un mestre pode alcanzalo. Para contar a historia do outro xeito abondaría cunha máquina.

Se estou no certo, a base da arte norteamericana é engarzar incongruencias e desatinos paseniño sen ningún obxectivo aparente, e á vez parecer que se din sen decatarse de que o son. Outra característica é a de pasar polo retrouso de corrido. A terceira sería deixar caer unha observación estudada sen parecer sabelo, coma se se pensase en alto. A cuarta e última é a pausa.

Artemus Ward utilizaba a terceira e a cuarta con bastante frecuencia. Empezaba a contar animadamente algo que simulaba parecerlle marabilloso, logo perdía a confianza e despois dunha pausa en que parecía ensimesmado engadía unha afirmación

incongruente coma se estivese falando consigo mesmo. Ese comentario pretendía romper os esquemas. E conseguíao.

Por exemplo, empezaba dicindo animadamente:

–Unha vez coñecín un home en Nova Zelandia que non tiña nin un só dente na boca, –aquí a súa animación esvaecíase.

Logo viña unha pausa silenciosa e reflexiva. Entón dicía distraidamente, como para si mesmo:

–E con todo, nunca na vida vin ninguén tocar o tambor tan ben.

A pausa é unha característica extremadamente importante neste tipo de conto, e tamén unha característica recorrente. É refinada, delicada pero tamén incerta e traizoeira xa que debe ter a lonxitude exacta –nin moita nin pouca– se non, fracasa no seu propósito e molesta. Se a pausa é moi curta, o asombro déixase atrás e se é moi longa, o público xa tivo tempo de adiviñar que vén unha sorpresa, e naturalmente xa non podes sorprendelo.

No transcurso das miñas conferencias, contaba un conto de medo dos negros que tiña unha pausa antes da sorpresa final, e esa pausa era o máis importante da historia. Debía ter a lonxitude precisa para que a frase final fixese que algunha rapaza impresionable dese un chío de sorpresa e saltase do seu asento –iso era o que buscaba–. O conto chamábase *O Brazo de Ouro*, e contábase así. Podes practicar con el –e ten en conta a pausa se queres facelo ben–.

O BRAZO DE OURO

Hai moito tempo había un home moi, moi avarento que vivía no medio do monte el só, se deixamos a súa muller á parte. Chegou un día en que ela finou. Levouna á espesura e enterrouna. Ela tiña un brazo de ouro –de ouro macizo do ombreiro para abaixo–. Era tan, tan avarento, que esa noite non puido durmir porque devecía polo brazo de ouro.

Á media noite non puido aturalo máis. Ergueuse, colleu o seu candil e abriuse paso no medio da tormenta. Desenterrouna e colleu o brazo de ouro. Coa cabeza

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

abaixada contra o vento, avanzou penosamente entre a neve que non deixaba de caer. De súpeto detívose –fai unha boa pausa aquí, semella que estás asustado e con actitude de escoita– e dixo:

–Virxe Santa, que é iso?

Púxose a escoitar, e o vento facía: –pon os dentes xuntos e imita o zoar e asubiar monótono do vento–.

–Shhhhhhhh.

E entón, moito máis lonxe de onde estaba a tumba, oíu unha voz! Sentiu unha voz mesturada co ruído do vento que case non era quen de distinguir.

–Shhhhhhhh... Queeen teen o meu braaazo de ouuuuro? Shhhhhh... Queeen teen o meu braaazo de ouuuuro? –Ponte a tremer violentamente.

Empezou a tremer violentamente e dixo:

–Virxe! Virxe santísima!

O vento apagoulle o candil e a neve metíaselle na boca ata case atragoalo. Morto de medo, abriuse paso penosamente cara á casa coa neve chegándolle ata os xeonllos. Pouco despois oíu a voz outra vez –pausa–, ía por el!

–Shhhhhhhhh. Queeen teen o meu braaazo de ouuuuro?

Chegou a terreo aberto, e a voz soaba máis e máis preto, vindo a través da escuridade e a tormenta –repite o vento e a voz–. Cando chegou á casa subiu as escaleiras correndo, e dun chimpo meteuse na cama. Alí quedou, coa cabeza debaixo das mantas, tremendo e arreguizando. Entón sentiu a voz outra vez, achegándose, cada vez máis. Aguzou o oído e –pausa, en actitude de escoita e terror–.

–Tac, tac, tac.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Estaba subindo as escaleiras! E cando oíu o pasador sóuboo: estaba dentro do cuarto!

Logo sentiu que estaba pegado á cama, (pausa) e que se abaixaba sobre el. Xa non podía nin respirar. Daquela sentiu algo frío preto da súa cabeza. (Pausa.)

E a voz dixo xusto a carón da súa orella:

–Queeen teen o meu braaazo de ouuuuro? –Debes dicilo con voz queixosa e acusadora. Entón fitas con intensidade aos ollos do oínte máis afastado, unha rapaza preferiblemente, e deixas que esa pausa que xea o sangue empece a causar efecto no profundo silencio. Cando xa acadou a lonxitude axeitada, grítalle á rapaza:

–Telo ti!

Se mediches ben a pausa, daraslle un susto de morte con berriño incluído. Pero esa pausa hai que medila ben. Daquela entenderás que é o máis difícil e exasperante que abordaches na vida.

TELEGRAFÍA MENTAL DE NOVO

Vouvos falar de tres ou catro incidentes curiosos. Teñen que ver co que eu chamei "Telegrafía Mental" nun escrito de hai dezasete anos e publicado moito tempo despois. (Este escrito titulado "Telegrafía Mental", que orixinalmente aparecía en *Harper's Magazine* no mes de decembro de 1893, está incluído nun tomo titulado *O Conde Americano*.)

Hai algúns anos fixen unha serie de conferencias co señor George W. Cable. En Montreal honráronnos cunha recepción. Comezou ás dúas da tarde nun longo vestíbulo do Hotel Windsor. O señor Cable e eu estabamos nun extremo da sala. As donas e os cabaleiros entraban polo outro e cruzábano ata o final. Entón achegábanse pola banda

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

esquerda, saudaban cun aperto de mans, dicían un par de palabras e marchaban de xeito habitual. A miña vista é do tipo telescópico, e inmediatamente recoñecín unha cara familiar entre a multitude de estraños que entraban pola distante porta. Dixen para min, con sorpresa e satisfacción: "Esa é a señora R. Esquecera que era canadense." Fora unha grande amiga en Carson City, Nevada hai moitos anos. Non a vira nin soubera dela en vinte anos. Tampouco pensara nela. Non había nada que ma recordase, nada que ma trouxese á mente. De feito, desaparecera da miña consciencia e había moito tempo que deixara de existir para min. Con todo, recoñecina instantaneamente, e vina tan claramente que reparei nalgúns detalles do seu vestido dos cales aínda me lembro. Estaba impaciente por que viñese. Entre aperto e aperto de mans vía como avanzaba na preguiceira fila que chegaba ao final da sala. E cando a fila xiraba á esquerda puiden verlle a cara de fronte. Cando a vin por última vez, estaba a oito metros. Durante unha hora tiven a esperanza de que aínda estivese na sala e que por fin viría, pero non foi así.

Cando cheguei á sala de conferencias aquela tarde, alguén me dixo:

–Ven á sala de espera, alguén quere verte. Non che van dicir o nome, así que tes que recoñecer a persoa sen axuda.

Dixen para min: "Ten que ser a señora R. Non terei ningún problema."

Alí había unhas dez mulleres, todas sentadas. Como supuxera, no medio delas estaba a señora R. Levaba exactamente o mesmo vestido ca na recepción da tarde. Fun cara a ela, deille un aperto de mans e saudeina polo nome. Díxenlle:

–Recoñecinte en canto apareciches na recepción esta tarde.

Pareceu sorprendida e dixo:

–Pero eu non estiven na recepción. Acabo de chegar de Quebec, e non levo na cidade nin sequera unha hora.

Esta vez era eu o sorprendido. Dixen:

–Non pode ser. Douche a miña palabra de honor que o que digo é verdade. Vinte na recepción, e levabas o mesmo vestido que levas agora. Cando me dixeron hai un momento que había alguén que coñecía neste cuarto, a túa imaxe apareceu diante de min co mesmo vestido que levas, como te vin na recepción.

Estes son os feitos. Ela non estivera na recepción, nin sequera preto. E con todo, vina alí moi claramente e sen lugar a dúbidas. Podería xuralo. Como se explica isto? Non pensaba nela nese momento, non a mirara en anos, pero sen ningunha dúbida ela si pensara en min. Era posible que os seus pensamentos viñesen ata min a través de quilómetros de distancia e trouxesen esa diáfana e grata visión dela? Penso que si. Esa foi e segue sendo a miña única experiencia no que respecta ás aparicións, e con aparicións refírome a aquelas que veñen cando un está ostensiblemente esperto. Quizais quedase durmido un momento, daquela a aparición podería ser algo creado polo soño. Pero neste caso non tivo nada que ver con iso. A característica que a fai interesante é que ocorreu nese preciso momento, nin antes nin despois. Esta idea ten a súa orixe na transferencia de pensamento.

Supoño que moitas persoas desbotarán o meu seguinte incidente por consideralo simplemente unha coincidencia. Hai uns anos tiña na cabeza a idea de facer unha rolda de conferencias polas antípodas e polos confíns do Oriente, pero sempre desbotei a idea, en parte debido a que a viaxe era excesivamente longa, pero tamén porque por varias razóns a miña muller non podía vir comigo. Cara a finais do pasado xaneiro esa idea veume de socato á cabeza outra vez, con moita forza e sen ningunha razón aparente, despois dun intervalo de anos. De onde veu? Que a provocou? Contestarei esas preguntas deseguido.

Nesa época estaba onde estou agora, en París. Escribinlle enseguida a Henry M. Stanley (Londres), e pregunteille sobre a súa xira de conferencias en Australia, quen fora o seu axente e cales eran as condicións. A súa resposta chegou nun día ou dous. Dicía así:

> "O axente por excelencia nas conferencias en Australia e Nova Zelandia é o señor R. S. Smythe, de Melbourne."

Engadiu o seu itinerario, condicións, gastos de transportes marítimos e outros asuntos, e aconselloume que lle escribise ao señor Smythe, cousa que fixen o 3 de febreiro. Esencialmente comecei a carta dicindo que se ben non me coñecía persoalmente, si tiñamos un amigo común, Stanley, e que iso sería suficiente como presentación. Logo propúxenlle a viaxe, e pregunteille se me podía ofrecer as mesmas condicións ca a Stanley.

Envieille a carta ao señor Smythe o 6 de febreiro, e tres días máis tarde recibín unha carta do mesmísimo Smythe desde Melburne con data de 17 de decembro. Era máis probable recibir unha carta do defunto George Washington. A carta comezaba de xeito parecido á que eu lle mandei, cunha presentación:

"Querido señor Clemens:

Pasou xa tanto tempo desde que Archibald Forbes e mais eu pasamos aquela deliciosa tarde na súa casa de Hartford que probablemente xa esqueceu o acontecemento."

No corpo da carta dicía así:

"Sería para min un pracer..." (aquí mencionaba as condicións que lle ofrecera a Stanley) "...a unha xira polas antípodas dunha duración, digamos, de tres meses."

Velaquí cada detalle importante da miña carta respondido tres días despois de que enviase a consulta. Puiden aforrar o traballo e o franqueo, e hai uns anos faríao sen dubidalo, porque argumentaría que ese forte e repentino impulso de escribir para preguntarlle algo a un descoñecido na outra parte do planeta significaba que o impulso veu dese descoñecido, e que el mesmo respondería as miñas preguntas por vontade propia se eu non fixese nada.

Probablemente a carta do señor Smythe pasou baixo o meu nariz para evitar a súa viaxe de tres semanas ata os Estados Unidos e volta, e deixoume un sinal do seu contido mentres pasaba. As cartas adoitan facer así. No canto de que o pensamento veña

a ti no intre desde Australia, a –aparentemente– inanimada carta transmítecho mentres pasa voando invisible na bolsa do correo.

Seguinte incidente. Un mes despois, en marzo, estaba nos Estados Unidos. Pasei o domingo co señor John Brisben Walker da revista Cosmopolitan en Irvington-on-the-Hudson. Á mañá seguinte fomos a Nova York e comemos no club Century. Eloxiou o estilo do club e a metódica serenidade e hospitalidade das súas estancias, e preguntoume se algunha vez intentara facerme socio. Dixen que non, que os clubs de Nova York supoñen un continuo gasto para os membros de fóra da cidade se non son de uso frecuente ou non lles reportan ningún beneficio.

–Teño unha idea! –dixen–. O Lotos foi o primeiro club de Nova York do que fun socio e o meu primeiro amor. Levo sendo socio del desde hai bastante máis de vinte anos e, porén, apenas teño a oportunidade de pasar por alí a ver os mozos. Sáenlles canas e fanse vellos mentres eu non os vexo. Teño moitas cousas que facer. Vou ir a Hartford esta tarde pasar un día ou dous, pero en canto volva, irei ver a John Elderkin persoalmente e direille: "Lembra o veterano e concédelle unha distinción, polos vellos tempos. Faime membro honorario e suprímeme o pagamento da cota. Se non existe a figura de membro honorario, moito mellor, créaa na miña honra e gloria". Sería estupendo, irei ver a John Elderkin en canto regrese de Hartford.

Collín o último expreso aquela tarde, non sen antes telegrafar o señor F. G. Whitmore para que me viñese ver o día seguinte. Ao chegar preguntoume:

–Recibiu unha carta do señor John Elderkin, secretario do club Lotos antes de deixar Nova York?

–Pois faltoulle moi pouco para recibila. Se soubese que ía vir gardaríalla. É fermosa, e vai facer que se sinta orgulloso. A Xunta de Directores, por decisión unánime, nomeouno socio vitalicio e suprimiu o pagamento das súas cotas. Ten que estar presente para recibir a súa distinción a noite do día 30, que é o vinte e cinco aniversario da fundación do club. Non me sorprendería que houbese unha boa festa.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Que fixo que me pasase polo sentido ser membro honorario aquel día no club Century? Porque xamais pensara niso. Non sei que me provocou ese pensamento nese preciso momento e non antes, pero estou case seguro de que xurdiu na Xunta de Directores, e que ía de camiño ao meu cerebro polo aire desde o momento en que viron o resultado da votación.

Outro incidente. Pasaba dous ou tres días en Hartford como invitado do Reverendo Joseph H. Twichell. Teño o título de Tío Honorario dos seus fillos desde hai un cuarto de século, e collemos o tranvía para ir visitar unha das miñas sobriñas, que está na famosa escola da señora Potter, en Farmington. A distancia era de trece ou catorce quilómetros. De camiño iamos falando e eu ilustraba algo cunha anécdota. Velaquí:

Hai dous anos e medio a familia e mais eu arribamos a Milán de camiño a Roma e paramos no Continental. Despois da cea baixei a sentar nun patio de pedra onde se atopan os típicos limoeiros nos seus típicos testos, e dixen para min: "Aquí si que se está ben, cómodo e tranquilo, e non hai ninguén que me moleste". Non tiña coñecidos en Milán.

Entón un cabaleiro novo achegouse e deume a man, o que danou a miña teoría. En resumo dixo así:

–Vostede non se lembrará de min, señor Clemens, pero eu lémbrome de vostede moi ben. Era cadete en West Point e vostede e mailo Reverendo Joseph H. Twichell viñeron hai uns anos falarnos sobre a Centésima Noite[1]. Agora son tenente no exército regular. Chámome H. e estou facendo un pequeno *tour* por Europa, eu só. O meu rexemento está en Arizona.

Enseguida fixemos amizade, e no transcurso da conversa contoume unha aventura que lle ocorrera. Velaquí:

[1] Celebración de West Point onde se representan obras teatrais, poesía etc. cen noites antes da graduación.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

"Estaba en Bellagio e hospedábame nun grande hotel. Dez días antes perdera a miña carta de crédito e non sabía que facer. Era estranxeiro, non coñecía ninguén en Europa e non tiña nin un peso no peto. Nin sequera podía enviar un telegrama a Londres para que me renovasen a carta de crédito. Levaba unha semana sen pagar a factura do hotel, e habían reclamarma inminentemente, tan inminentemente que podía ocorrer en calquera momento. Tiña tanto medo que pensaba que ía perder o xuízo. Non paraba quieto, daba voltas coma un tolo. Se alguén se achegaba saía correndo, porque independentemente do seu aspecto, sempre o tomaba polo xefe de camareiros coa conta na man.

Ao final estaba tan tremendamente desesperado que sería quen de facer calquera tolería que supuxese a máis mínima axuda. Esta é a insensatez que cometín: reparei nunha familia que comía nunha pequena mesa na terraza e recoñecín a súa nacionalidade –norteamericana– pai, nai e varias fillas novas –novas, feitiñas e con traxes elegantes– o típico na nosa xente. Fun canda eles co meu traxe de civil, presenteime, dixen que era tenente no exército, conteilles a miña historia e pedinlles axuda.

Que pensa que fixo o cabaleiro? Non o acertaría nin en vinte anos. Sacou unha manchea de moedas de ouro e dixo que me servise sen reparos. Así como llo conto."

Á mañá seguinte o tenente contoume que a súa carta de crédito chegara pola noite, así que marchamos cara a Cook's a retirar fondos para poder pagarlle ao seu benfeitor. En canto os tivemos, marchamos camiñando pola grande arcada. Nese momento dixo:

–Aí os están, permítame presentarllos.

Presentoume os pais e as señoritas. Logo separámonos, e nunca na vida volvín velos a el ou aos out...

–Xa chegamos a Farmington –dixo Twichell, interrompendo.

Saímos do tranvía e camiñamos pola lama uns cen metros ata a escola, falando de cando anos atrás, Warner e mais nós percorriamos o mesmo camiño, e do ben que o pasabamos.

Falamos coa miña sobriña no salón, e logo puxémonos de camiño para volver coller o tranvía. Fóra da casa atopámonos con vinte ou trinta alumnas da señora Potter que, en dobre fila, volvían dun paseo. Apartámonos ostensiblemente para deixarlles sitio e que desfilasen a eito, aínda que o que queriamos realmente era miralas. Entón unha delas saíu da fila e dixo:

–Vostede non me coñece, señor Twichell, pero eu coñezo a súa filla e iso concédeme o privilexio de darlle un aperto de mans.

Entón estendeu a man cara a min e dixo:

–E tamén sería unha honra para min chocar a súa man, señor Clemens. Vostede non se lembra de min, pero coñecémonos na arcada de Milán hai dous anos e medio a través do tenente H.

Que fixo que pensase nesa historia despois de todo ese tempo? Foi quizais a proximidade daquela rapaza ou simplemente unha estraña coincidencia?

A HISTORIA DO INVÁLIDO

O meu aspecto é o dun home casado de sesenta anos, pero isto é debido unicamente á miña doenza e sufrimentos, xa que son solteiro e só teño corenta e un. Sei que será difícil que crean que non son máis ca unha sombra do que fun. Hai só dous anos era un home forte e vigoroso, un home de ferro, un verdadeiro atleta! Si, esa é a pura verdade. Pero aínda é máis estraño se cabe, as circunstancias en que perdín a miña saúde. Sucedeu nunha noite de inverno, vixiando unha caixa de rifles nunha viaxe en tren de máis de trescentos quilómetros. Esa é a verdade, e esta é a historia.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Son de Cleveland, Ohio. Hai dous anos, nunha noite de inverno, cheguei á casa no medio dunha violenta treboada de neve xusto despois de escurecer. O primeiro que souben cando entrei na casa foi que o meu mellor amigo da infancia e compañeiro de clase, John B. Hackett, morrera o día anterior. As súas últimas palabras manifestaron o seu desexo de que fose eu quen levase os seus restos mortais a Wisconsin, á casa dos seus vellos e aflixidos pais. Supuxo un duro golpe para min, pero non había tempo para perdelo en sentimentalismos. Debía comezar o antes posible. Collín a tarxeta e lin: "Diácono Levi Hackett, Bethlehem, Wisconsin". Corrín cara á estación de tren mentres a treboada zoaba ao meu redor. Cando cheguei vin o longo cadaleito branco de madeira de piñeiro que me describiran. Cravei a tarxeta cunhas puntas, comprobei que ía seguro no vagón de mercancías e fun correndo á cantina para aprovisionarme dun sándwich e uns puros. Ao volver, vin que o meu cadaleito estaba onde o deixara, aparentemente, porque un mozo o estaba examinando armado cunha tarxeta, varias puntas e un martelo. Aquilo deixoume sorprendido e confuso. Púxose a cravar a tarxeta e eu corrín cara ao vagón de mercancías, bastante vehementemente, para pedirlle unha explicación. Pero non, alí estaba o meu cadaleito, no seu sitio, no vagón de mercancías, ninguén o tocara. –O que pasou foi que sen eu sospeitalo producírase un enorme erro. A miña caixa contiña uns rifles e o mozo viñera á estación para enviarlla a un destacamento do exército en Peoria, Illinois, e el levara o morto!–. Nese momento, o maquinista berrou "pasaxeiros ao tren". Dun chimpo metinme no vagón da mercancía e sentei comodamente nun fardo. Alí estaba o encargado do vagón traballando arreo. Era un home sinxelo de mediana idade. Tiña unha face corrente, honesta e afable, e unha actitude xovial acompañada dun verdadeiro entusiasmo. Mentres o tren partía un estraño subiu ao vagón dun salto e colocou un paquete de queixo Limburger especialmente curado e forte nun extremo da miña caixa –refírome á miña caixa de rifles–. Cabe dicir que agora sei que aquel era queixo Limburger, pero daquela nunca na vida oíra falar dese produto, e naturalmente, descoñecía por completo as súas características. Pois ben, o tren avanzaba cortando a furiosa noite, a xélida tormenta tornábase máis e máis violenta, e unha profunda tristeza apoderouse de min. O meu ánimo decaía e decaía sen parar. O vello encargado das mercancías proferiu un par de enérxicos comentarios acerca da tempestade e o clima ártico, pechou as portas corredizas dun golpe e pasoulles o ferrollo. Despois pechou hermeticamente a ventá e púxose a facer as súas tarefas aquí e acolá para poñelo todo en orde. Mentres facía isto cantaruxaba animadamente *Sweet by and by* nun ton baixo e en boa medida desafinado. De socato comecei a detectar un

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

tufo penetrante do máis fedorento que flotaba no xélido aire. Isto abateu o meu ánimo aínda máis, porque naturalmente llo atribuín ao finado do meu pobre amigo. Había algo infinitamente desconsolador nese xeito tan patético e silencioso en que o meu amigo intentaba que evocase a súa memoria. Era moi difícil reter as bágoas. Ademais agoniábame tamén porque temía que o vello encargado o notase. Porén, seguiu cantaruxando tranquilamente e non percibín sinal ningún pola súa parte. Din grazas por isto, pero aínda así estaba intranquilo, e a cada minuto que pasaba a inquietude medraba en min, porque o cheiro cada vez se facía máis consistente, e o tufo a bravún volvíase difícil de aturar. Entón, o encargado, despois de dispoñer todas as cousas ao seu xeito, apañou madeira e fixo un magnífico lume na estufa.

Aquilo angustioume máis do que podo expresar, porque non podía evitar pensar que era un grande erro. Estaba certo de que o efecto ía ser prexudicial para o finado do meu amigo. Thompson –ese era o nome do encargado, como descubriría no transcurso desa noite– púxose a fozar por todo o vagón para atopar calquera fenda e tapala, afirmando que, independentemente da noite que fose fóra, el tiña a vontade de que estivésemos cómodos. Non dixen ren porque cría que non estaba facendo o correcto. Namentres el seguía cantaruxando coma antes, a estufa quentábase cada vez máis, e o aire facíase cada vez máis irrespirable. Notaba unhas náuseas crecentes e que a miña palidez aumentaba, pero preferín sufrir en silencio e non dicir nada.

Pronto sentín que *Sweet by and by* se ía apagando ata que á fin cesou completamente, en tanto que crecía unha quietude ominosa. Uns momentos despois Thompson dixo:

–Que noxo! Paresme que non foi canela o que lle chimpei á estufa!

Alasou un par de veces e despois foi onda o cada... a caixa de rifles, parou xusto enriba do queixo Limburger un momento e ao final volveu e sentou ao meu carón con aspecto impresionado. Despois dunha pausa contemplativa sinalou a caixa cun xesto e dixo:

–Amigho seu?

–Si –dixen cun suspiro.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

–Tá teso de carallo, non?

Ninguén dixo nada durante uns minutos, cada un ocupado nos seus pensamentos. Logo Thomson dixo en voz baixa, con cara de susto:

–Ás veses non se pode ter a seghuridade de que estean mortos. Paresen mortos, xa sabe, aínda están quentes, teñen as articulasións brandas e tal. Aínda que penses que están mortos, non o sabes seghuro. Eu tiven casos deses no meu vaghón. Mete medo, porque non sabes en que momento van levantarse e mirar pra ti.

E logo, despois dunha pausa e erguendo lixeiramente o cóbado cara á caixa, dixo:

–Pero el non está a durmir, eh? Non, siñor, iso díghollo eu.

Quedamos alí sentados un tempo nun meditativo silencio, sentindo o vento e o ruído do tren. Logo Thomson dixo con bastante afectación:

–Ao final, a todos nos chegha a hora, diso non se pode escapar. Como din as Saghradas Escrituras, home nasido de muller, curto de días e cheo de desghustos. Si, pode miralo como queira, pero é unha verdá coma un mundo, ninghén pode escapar diso. Todo quisque ten que marchar, todo o mundo, se o prefire. Un día estás forte e cunha saúde de ferro –nese momento púxose de pé dun salto, rompeu un vidro e sacou o nariz uns segundos. Logo sentou outra vez. Daquela eu corrín a sacar o nariz polo mesmo sitio, e isto empezamos a repetilo de cando en vez– e ao outro espíchala, e como din as Saghradas Escrituras, os lughares que visitaba xa non os pode visitar endexamais. Fághame caso, é unha verdá coma un mundo. Todos temos que marchar, máis tarde ou máis sedo, e diso non pode escapar un.

Houbo outro longo silencio, e continuou:

–De que morreu?

Dixen que non o sabía.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

–Canto leva morto?

Considerei prudente esaxerar os feitos para que se axustasen á situación, así que dixen:

–Dous ou tres días.

Non tiven éxito, pois Thompson recibiuno cunha expresión ofendida que claramente quería dicir “Dous ou tres anos, quererás dicir." Obviou tranquilamente a miña afirmación e expuxo con bastante profusión a súa opinión sobre a falta de sensatez de postergar demasiado os enterros. Entón foi con calma cara á caixa, parou un momento e volveu ás présas para dar unha visita ao vidro roto. Púxose a mirar un pouco.

–Poderiamos ghosar aquí dunha vista caralluda se chegha a mandalo o vran pasado.

Thompson sentou e enterrou a cara no seu pano da man vermello. Comezou a abanear e abalar coma aquel que está facendo todo o posible para aturar o insoportable. Daquela o aroma, se se lle pode chamar aroma, era por non esaxerar asfixiante. A cara de Thompson volvíase gris. Eu xa sabía que á miña se lle fora a cor había tempo. Ao pouco Thompson apoiaba a fronte na súa man esquerda, e o cóbado no xeonllo; semellaba que axitaba o seu pano vermello cara á caixa coa man libre. Dixo:

–Mira que levei unha recua deles, e alghún bastante podre, pero que me maten se alghunha ves atopei un coma este! Díghollo eu, xefe. Comparado con este, cheiraban todos a flores!

A pesar das tristes circunstancias, o recoñecemento do meu pobre compañeiro compraceume, debido a que soaba moitísimo a un cumprimento.

Pronto estivo claro que había que facer algo ao respecto. Propuxen puros. Thompson creu que a miña idea era boa. Dixo:

–Seghuro que disimula algho.

Fumamos intensamente durante un tempo, e intentamos imaxinar que as cousas melloraban. Pero de nada serviu. Pouco despois, e sen poñernos de acordo, ambos os puros caeron en silencio dos nosos febles dedos ao mesmo tempo. Thompson dixo cun suspiro:

–Nada, xefe. Non disimula nin un chisco. Ao contrario, faino pior. Parés que o morto se está a rebelar. Que carallo fasemos aghora?

Non estaba en condicións de propoñer nada. Estaba moi ocupado intentando tragar todo o tempo, e non confiaba en poder falar. Thompson decidiu poñerse a falar sen tino, desganado e abatido, sobre as penosas vivencias desa noite. Empezou a enumerar graos xerárquicos referidos ao meu pobre amigo, uns militares e outros civís, e comprobei que a medida que a efectividade do meu amigo aumentaba, Thompson o ascendía consecuentemente e polo tanto o rango era maior. Ao final dixo:

–Teño unha idea. Que tal se nos poñemos ao choio e lle damos unha empurrada ao Coronel ata a parte de atrás do vaghón? Non sei, tres metros quisais. Así non tería tanta influensia, non lle parés?

Dixen que era un bo plan. Daquela collemos bastante aire fresco a través do vidro roto, calculando que nos chegase ata que rematásemos. Fomos ata a caixa e abaixámonos sobre aquel queixo letal. Agarramos a caixa e Thompson indicou coa cabeza que estaba preparado. Con todas as nosas forzas empurramos a caixa, pero Thompson esvarou e caeu de fociños no queixo perdendo por completo o alento. Alasou e acorou, ergueuse con dificultade e foi correndo cara á porta, axitando os brazos e dicindo con voz rouca:

–Aparta!... Déixame saír!... Que morro!... Déixame saír!

Fóra, na fría plataforma do vagón, sentei e sostívenlle a cabeza un tempo, despois do cal pareceu revivir. Entón dixo:

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

–Entón que, conseguimos mover o Xeneral?

Dixen que non, non cedeu nin un pouco.

–Vale, entón a idea a tomar polo carallo. Temos que pensar noutra cousa. El quer quedar onde está, paresme. E se lle entrou a perrencha e tomou a desisión de que non quer que o molestemos, digholle eu que non vai haber xeito de que cambie. Se o quer así mellor deixalo onde está. Mire, el ten todos os trunfos, e élle seghuro que aquel que se interpoña nos seus plans non vai saír ben parado, non sei se me entende.

Non podiamos quedar fóra na violenta treboada, haberiamos de morrer xeados. Daquela entramos, pechamos a porta e comezamos a sufrir unha vez máis e a facer quendas para coller aire na ventá. Máis tarde mentres nos afastabamos dunha estación en que pararamos un momento, Thompson empezou a saltar de alegría e exclamou:

–Xa está, penso que esta ves temos o Comodoro. Coido que teño o nesesario para quitarlle a perrencha.

Era ácido carbólico. Tiña unha garrafa enteira del. Esparexeuno por todo o lugar. De feito, enchoupouno todo, caixa de rifles, queixo... Logo sentou, con cara optimista. Pero non lle durou moito.

Aqueles dous perfumes empezaron a mesturarse, e entón... ben, entón saímos correndo cara á porta. Thompson fregou a cara co pano e dixo desmoralizado:

–Ná, non se pode. Non hai xeito de ghañarlle. Colle todo o que lle botamos para cambialo, e devólvenos o seu propio cheiro para atormentarnos. Oi, xefe, mire o que lle digho, o tufo é un sento de veses pior ca cando empesou a faser das súas. Nunca na vida atopei alghén tan mirado no seu labor e con tanto interese en demostralo. Non, siñor, nunca na vida en todos os anos que levo no tren. E como xa lle dixen, defuntos levei unha chea deles.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

Cando xa estabamos a piques de quedar xeados, entramos outra vez. Pero non había maneira de estar dentro. Así que entrabamos e saiamos, unha e outra vez, conxelándonos, derreténdonos e abafando, e todo en estritas roldas. Unha hora despois paramos noutra estación, e cando marchabamos, Thompson entrou cunha bolsa e dixo:

–Xefe, vou arriscarme outra ves, esta ves ná máis. E se non o agharramos desta, o único que nos queda é tirar a toalla e colghar os ghuantes. Así é como o miro eu.

Trouxera unha morea de plumas de polo, mazás secas, follas de tabaco, trapos, zapatos vellos, xofre, asafétida e algunhas cousas máis. Fixo un monte nunha prancha de ferro no medio do chan e prendeulles lume.

Cando empezou a arder aquilo, nin o morto podía aturalo. Todo o de antes fora simple poesía comparado con aquel cheirume, pero non vos equivoquedes, o cheiro orixinal sobresaía tan sublime coma sempre. A verdade é que estoutros cheiros semellaban darlle unha mellor base, e, Deus, que substancioso era! Non fixen estas reflexións dentro –non había tempo– fíxenas na plataforma. E foi alí onde Thompson, que pretendía saír, sufocouse e caeu. Quedou pendurado fóra do tren e eu agarreino polo colo da camisa, o que fixo que os dous estivésemos a piques de caer. Cando acordou, dixo con desánimo:

–Temos que quedar fóra, xefe. Élle o que hai. Non queda outra. O Ghovernador quere viaxar só. Metéuselle iso na cachola e o seu voto vale máis ca o noso.

E despois dun anaco, engadiu:

–E sabe o que lle digho? Estamos envelenados. É a nosa ultima viaxe, xa se pode afaser á idea. O que vai saír disto é unha febre tifoide. Parés que a sinto vir aghora mesmo. Si, siñor, fomos elixidos, tan serto coma a morte.

Sacáronnos da plataforma na seguinte estación unha hora despois, xeados e insensibles. Caín case inmediatamente nunha febre virulenta e non acordei ata tres semanas despois. Máis tarde souben que pasara aquela terrible noite cunha inofensiva caixa de rifles e un monte de queixo inocente. Pero as noticias chegaban tarde de máis

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010

para salvarme. A imaxinación fixera o seu traballo e a miña saúde quebrantouse para sempre. Nin as Bermudas nin ningún outro paraíso terreal poden traerma de volta. Esta é a miña última viaxe. Vou de camiño á casa para morrer.

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2010